



NOTA DE PRENSA (03/03/2025)

A CONSELLERÍA DÁ MARCHA ATRÁS NA SÚA INTENCIÓN DE SUBIR AS RATIOS MÁXIMAS DE CARA AO CURSO 2025-2026

As organizacións asinantes do "[Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal](#)" – CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP – queremos trasladar á comunidade educativa a nosa posición ante as informacións recibidas nos últimos días sobre a posible vulneración das *ratios* máximas establecidas no devandito Acordo por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Nas últimas semanas, distintos centros educativos de toda Galicia alertaron da intención da Administración de establecer para o curso 2025-2026 un máximo de 25 alumnos en 6º curso de Educación Infantil e en todos os cursos de Educación Primaria, á marxe do pactado. A nova que confirmou as intencións da Consellería foi a [publicación de Faro de Vigo](#) poñendo de manifesto esta actuación con carácter xeral para todo o termo municipal de Vigo, ao considerar esta zona como "tensionada".

Convén lembrar que ao inicio deste curso estableceuse unha "foto fixa" ([base 2.1.2 do Acordo](#)) segundo a cal, cada grupo con menos de 20 alumnos non superaría ese límite no futuro e aqueles con entre 20 e 25 alumnos, verían respectada esa "foto fixa" nos sucesivos cursos.

Ante esta situación, as organizacións sindicais asinantes do Acordo trasladamos a nosa preocupación á Consellería e **esiximos o respecto escrupuloso do establecido no documento.**

Tras as nosas xestións, no día de hoxe a Consellería vén de confirmarnos que cumprirá coas *ratios* máximas fixadas no Acordo e que manterá a "foto fixa" determinada ao inicio deste curso en todos os grupos.

Por último, queremos insistir no feito de que seguiremos vixiantes para garantir o cumprimento efectivo do pactado e defender os dereitos do profesorado e do alumnado galego.

Para máis información,

Borja Campos Seijo

Secretario de persoal docente de ensino público non universitario da Federación de Ensino de CCOO Galicia
636 358 841

Julio Díaz Escolante

Presidente de ANPE Galicia
615 226 371

Sandra Montero Nogareda

Secretaria do sector de Ensino UGT-SP
698 137 388